



ORDENANZA 2.-

ORDENANZA REGULADORA DA TAXA SOBRE RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS

Artigo 1º.-

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e de conformidade co disposto nos artigos 15, 19 e 58 da Lei 39/88, do 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a Taxa sobre recollida de lixo ou residuos sólidos urbanos que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal que atende o previsto nos artigos 20 ó 27 de dita Lei 39/4900.

Artigo 2º.- Feito imponible.

1.- Constitúe o feito imponible da Taxa a prestación do servizo que é de recepción obrigatoria, de recollida de lixo e residuos sólidos urbanos de vivendas, aloxamentos e locais ou establecementos onde se exercen actividades industriais, comerciais, profesionais, artísticas ou de servizos.

2.- A tal efecto consideraranse con lixo ou residuos sólidos urbanos os restos ou desperdicios da alimentación, detritus procedentes da limpeza normal de locais ou vivendas e exclúense de tal concepto os residuos de tipo industrial, escombros de obras, detritus humanos, materias e materiais contaminados, corrosivos perigosos ou os que a súa recollida e vertido esixa adopción de especiais medidas hixiénicas, profilácticas ou de seguridade.

Artigo 3º.- Suxeitos pasivos.

1.- Son suxeitos pasivos de Taxa en concepto de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas, así como as herencias xacentes, comunidade de bens e demais Entidades que, carentes de personalidade xurídica, constitúan unha unidade económica ou un patrimonio separado, susceptible de imposición que ocupen ou utilicen calquera clase de vivenda ou local, ben sexa a título de propiedade, arrendatario ou calquera outro dereito real, incluído o precario.

2.- Tamén terán a consideración de suxeitos pasivos os propietarios de vivendas ou locais desocupados ou de temporada, xa que se non se utiliza o servizo, non é motivo para que este teña que prestarse igual.

Artigo 4º.- Responsables.



1.- Serán responsables, solidariamente, das obrigas tributarias establecidas nesta Ordenanza, toda persoa causante ou colaboradora na realización dunha infracción tributaria. Nos supostos de declaración consolidada, todas as Sociedades integrantes do grupo serán responsables solidarias das infraccións cometidas neste réxime de tributación.

2.- Os copartícipes ou cotitulares das herencias xacentes, comunidades de bens e demais entidades que, carentes de personalidade xurídica, constitúan unha entidade económica ou un patrimonio separado, susceptible de imposición, responderán solidariamente e en proporción as súas respectivas participacións das obrigas tributarias de ditas Entidades.

3.- Serán responsables subsidiarios de infraccións simples ou da totalidade da deuda tributaria no caso de infraccións graves cometidas polas persoas xurídicas, os administradores que non realicen os actos necesarios da súa incumbencia para o cumprimento das obrigas tributarias infrinxidas, consentirán o incumprimento polos que dependen de eles ou adopten acordos que fixeran posible as infraccións. Asimismo, os administradores responderán subsidiariamente das obrigas tributarias que estén pendentes de cumprimentar polas persoas xurídicas que cesasen nas súas actividades.

4.- Serán responsables subsidiarios os Síndicos, Interventores, Liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, cando por negligencia ou mala fe non realicen as xestións necesarias para o total cumprimento das obrigas tributarias devengadas con anterioridade a ditas situacións e que sexan imputables os respectivos suxeitos pasivos.

Artigo 5º.- Cota tributaria.

1.- A cota tributaria, que será anual, consistirá nunca cantidade fixa, por unidade de local, que se determinará en función da natureza e destino dos inmobles.

2.-As taxas a aplicar serán as seguintes:

Por cada vivenda:36 €/ano

Industrias relacionadas coa madeira, pedra, automóbiles e ferreterías:36 €/ano

Outros locais comerciais, cafés-bares e outros similares72 €/ano

Outros non incluídos nos apartados anteriores72 €/ano

Estas taxas devengaránse desde que naza a obriga de contribuír esixíndose por anos.

Artigo 6º.- Exencións e bonificacións.



De conformidade co disposto no artigo 18 da Lei 8/1989 do 13 de abril, non se reconece beneficio tributario algún, salvo que o Estado, Comunidade Autónoma e Provincia a que pertence este Concello e os que sexan como establecido nos traslados pobres por precepto legal ou que estén inscritos no Padrón Municipal de Beneficencia.

Artigo 7º.- Devengo.

1.- A taxa devengarase e nace a obriga de contribuír desde o momento no que comece a presentación do servizo, entendéndose comezada, dada a natureza de recepción obrigatoria do mesmo, cando este establecido o Servizo Municipal de Recollida de Lixo ou Residuos Sólidos Urbanos.

2.- Establecido o funcionamento do servizo, as contas devengaránse o primeiro día de cada ano, excepto o ano de implantación, que se devengará o primeiro día de prestación do servizo e a cota prorratearase por mensualidades.

Artigo 8º.- Declaración e ingreso.

1.- Todos os contribuíntes obrigados o pago deste tributo deberán presentar, no prazo de 30 días hábiles seguintes a data na que se devengue por primeira vez a Taxa na Administración Municipal, declaración das vivendas ou locais afectados por esta Taxa mediante escrito dirixido o Sr. Alcalde-Presidente do Concello e, simultaneamente, realizar o ingreso da cota correspondente na Tesourería Municipal. Transcorrido este prazo, sen que se presente a declaración e o simultáneo ingreso, a Administración, sen prexuízo das accións que procedan, efectuarase de oficio a alta na correspondente matrícula do tributo. Nos casos de novas altas de vivendas, locais ou inmobles afectados pola presente Ordenanza, o procedemento de alta será regulado neste párrafo.

2.- Nos anos sucesivos o pago da Taxa mediante declaración-liquidación ou recibo debidamente validado pola Entidade Recadadora.

Artigo 9º.- Dereitos e deberes dos usuarios.

1.- Os usuarios dos servizos teñen dereito:

- A) A que o Concello ou empresa adxudicatoria lle retire o lixo ou residuos sólidos nos días e horas convidas, con medios adecuados, salvo casos de forza maior.
- B) A que a actividade se axuste, en todo caso, o principio de igualdade ante a Lei e sexa adecuada con motivos e fines que os xustificasen.



- C) A que as taxas a abonar veñan legalmente fixadas na Ordenanza Fiscal correspondente.
- D) Os demais dereitos que se derivan da aplicación desta Ordenanza ou veñan fixados nas disposicións legais que lle sexan de aplicación.

2.- Os usuarios do servizo están obrigados a:

- A) A coloca-lo lixo ou residuos sólidos nas bolsas homologadas e recipientes adecuados nas horas e lugares adecuados.
- B) A non incluír nos contadores materiais que non teñan consideración de lixo ou residuos sólidos referidos as actividades e situacións reguladas no art. 2º desta Ordenanza.
- C) Satisfacer as taxas na contía e forma prevista nesta Ordenanza fiscal.
- D) Cumprimentar calquera obriga que se derive desta Ordenanza e disposicións legais que sexan de aplicación.

Artigo 10º.- Infraccións e sancións.

1.- Os usuarios do servizo serán responsables das infraccións que desta Ordenanza cometan; para os efectos se estiman faltas:

- A) A non utilización de bolsas ou recipientes adecuados ou previstos
- B) O feito de non colocalos antes dos horarios que se determinen
- C) O colocar as bolsas nos lugares distintos ós que se señalen
- D) A inclusión nos recipientes de material que non teñan a natureza de lixo ou residuos sólidos, conforme o previsto no Art. 2º nesta Ordenanza

2.- Para as faltas aplicaranse as seguintes sancións:

- A) Apercibimento

Multas de ata 3 €

Disposición final:



A presente Ordenanza que foi aprobada polo Pleno do Concello en sesión celebrada o día 4-12-92 e modificada primeiramente en sesión plenaria de data 19 de decembro de 1994 e que entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación desde o indicada día, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Acordo de aprobación.

Primeiro.- Aprobar provisionalmente, según o previsto nos artigos 15 e seguintes da Lei 39/88 do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, a imposición da Taxa por recollida de lixo e residuos sólidos urbanos e ordear a mesma na forma que regula a Ordenanza fiscal da que o texto tamén se aproba provisionalmente e que acaba de transcribirse.

Segundo.- Expoñer o público o presente acordo e a Ordenanza Fiscal tal e como contempla o artigo 17.1 da Lei 39/88 do 28 de decembro.

Terceiro.- Elevar a definitivo este acordo se non se presentasen reclamacións contra o mesmo e continuar o expediente ata a súa conclusión según o procedemento previsto no artigo 17.4 do repetido texto legal; Lei 39/88 de 28 de decembro.

Cuarto.- A referida Ordenanza Fiscal entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación o 1 de Xaneiro de 1993.

Modificado.-Paderne 10 de decembro de 1988. R.20142-PD/18641.-B.O.P. nº 293.- pag. 10832.